

MANUAL DE CALIDADE
SISTEMA DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE
ESAD DE GALICIA

PE101.01 Elaboración e difusión do MC

Edicións	Data	Revisións e motivos das mesmas	Aprobación Consello escolar
1	14-04-2015	Acreditación ACSUG	22-09-2015
2	16-01-2018	Revisión anual	27-02-2018

ELABORACIÓN, APROBACIÓN, EDICIÓN E DIFUSIÓN DO MANUAL DE CALIDADE

OBXECTO

- Establecer o procedemento para a elaboración, aprobación, edición e difusión do Manual de Calidade.

ÁMBITO DE APLICACIÓN

- O Sistema de Garantía Interna de Calidade da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

RESPONSABILIDADES E FUNCÍONS

Dirección

- Poñer en marcha as liñas de traballo necesarias para a elaboración do Manual de Calidade.
- Supervisar a adecuación entre o Manual de Calidade e as políticas de calidade contempladas na lexislación educativa vixente.
- Presentar ante os órganos competentes o Manual de Calidade para a súa aprobación.

Secretaría

- Levantar acta dos acordos tomados polos órganos competentes en relación co Manual de Calidade e poñer os mesmos en coñecemento da comunidade educativa.
- Coordinar os procedementos de edición e difusión do MC.
- Supervisar os procedementos de edición, revisión e difusión do MC en relación co control de documentación e rexistros.
- Supervisar a xestión de documentación, rexistros e evidencias no desenvolvemento do Plan de Implantación e no Plan Anual de Revisión.

Consello Escolar

- Aprobar o Manual de Calidade.
- Aprobar os procedementos de edición, revisión e difusión do MC.
- Aprobar o Plan Anual de Revisión.

Comisión de Coordinación Pedagóxica

- Coñecer e ser informado a respecto do proceso de elaboración do Manual de Calidade e realizar as propostas que se estimen oportunas.
- Coñecer Plan de Revisión e participar activamente no proceso.
- Informar en relación cos procesos e procedementos que conforman o MC na súa elaboración, implantación e revisión.
- Realizar propostas de mellora en relación coa edición e difusión do MC.

Claustro de profesoras e profesores

- Coñecer e ser informado a respecto do proceso de elaboración do Manual de Calidade e realizar as propostas que se estimen oportunas.
- Coñecer Plan Anual de Revisión e participar activamente no proceso.
- Informar en relación cos procesos e procedementos que conforman o MC na súa elaboración, implantación e revisión.
- Realizar propostas de mellora en relación coa edición e difusión do MC.

Servizo de Garantía Interna de Calidade

- Elaborar e aprobar os documentos que configuran o Manual de Calidade e conforman o Sistema de Garantía Interna de Calidade.
- Propoñer liñas de traballo para editar e difundir o MC.
- Elaborar o Plan Anual de Revisión.

Departamento de Calidade

- Supervisar e coordinar o proceso de elaboración do Manual de Calidade.
- Realización de actividades de difusión e formación en relación co MC.
- Supervisar o Plan Anual de Revisión.

Profesorado

- Coñecer os contidos e alcance do Manual de Calidade e participar na elaboración dos procesos e procedementos que o integran.
- Difundir o MC.

Persoal de Administración e Servizos

- Coñecer os contidos e alcance do Manual de Calidade e participar na elaboración dos procesos e procedementos que o integran.
- Difundir o MC.

Alumnado

- Coñecer os contidos e alcance do Manual de Calidade e participar na elaboración dos procesos e procedementos que o integran.
- Difundir o MC.

DESENVOLVEMENTO

O Manual de Calidade contén o Sistema de Garantía Interna da Calidade da ESAD de Galicia, que se foi implantado na ESAD de Galicia ao longo dos pasados cursos escolares, [e que finaliza esa implantación no curso escolar 2017-2018](#). O Consello Escolar da ESAD de Galicia, como órgano colexiado en que están representados os diferentes sectores da comunidade escolar é a instancia competente para aprobar a primeira versión do MC e as sucesivas edicións do mesmo. Unha vez aprobada a versión completa do Manual de Calidade, corresponde ao Servizo de Garantía Interna da Calidade o desenvolvemento do proceso de desenvolvemento, mellora e revisión do mesmo.

O Manual de Calidade está editado en formato papel e en formato dixital. No primeiro caso consta dunha copia impresa, depositada na Secretaría da Escola, en arquivador encarnado, xunto cunha copia da edición anterior, en arquivador de cor azul. No segundo caso, na edición dixital, existe copia da versión vixente en formato PDF na páxina web da Escola no apartado denominado "Calidade".

A difusión do Manual de Calidade entre a comunidade educativa da ESAD realizarase seguindo os procedementos habituais de comunicación nun centro educativo: a través dun taboleiro específico, mediante un impreso dispoñible no dispensador de información do centro e nas xornadas de acollida e información que se celebren en cada curso escolar. A ESAD de Galicia comunica en tempo e forma ás administracións educativas, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, aos grupos de interese, e a cantas instancias conveña informar da existencia do Manual de Calidade e do procedemento para a súa consulta.